

ACTA DA TERCEIRA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECIMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

ASISTENTES:

POLA XUNTA DE GALICIA:

D. Tomás Fernández-Couto Juanas
Director Xeral de Defensa do Monte
D. Miguel Ángel Cela González
Subdirector Xeral de Prevención
Don Alberte Piñeiro Tubío
Xefe do Servizo de actuacións preventivas

POLA FEGAMP:

D. Alfonso Villares Bermúdez
Vicepresidente primeiro da Fegamp
Doña Lucía González Louro
Técnico da Fegamp

POR SEAGA:

D. Pablo Arbones Maciñeira
Director Xerente de Seaga
D. Antonio Barral Álvarez
Licenciado en Dereito de Seaga
Doña Carmen Paz López
Enxeñeira de Montes de Seaga

POLO IET (en calidade de asesor técnico):

D. Alfredo Fernández Ríos
Subdirector do Instituto de Estudos do Territorio

En Santiago de Compostela, as 10:00 horas, do día 14 de febreiro de 2019, na Sala de Xuntas da Dirección Xeral de Defensa do Monte, reúnen-se os citados anteriormente co fin de celebrar a terceira reunión da Comisión de Seguimento do Convenio baixo a seguinte:

ORDE DO DÍA

I.- Informe sobre a situación actual do Convenio

Aberta a sesión polo Presidente, D. Tomás Fernández-Couto Juanas, abórdanse os distintos puntos da Orde do día.

Infórmase da posibilidade de modificar o Convenio actual para que os Concellos poidan solicitar a adhesión en calquera momento.

Infórmase que se vai engadir unha nova liña de actuación. Consistiría en promover Plans Piloto que fagan innecesario desbrozar. A idea sería facilitar unha axuda equivalente aos costes de desbroce de dous anos para iniciar esa actividade que evite desbroce (hortos urbanos, plantacións, pastoreo...)

Infórmase que por parte de SEAGA xa está dispoñible un técnico por provincia.

Infórmase que no relativo as faixas a Planificación pode aprobarse por fases separadas:

- a) Faixas secundarias dos núcleos
- b) Vías de comunicación de titularidade municipal
- c) Propiedades forestais do Concello
- d) Vivendas illadas

Facilítase aos presentes o listado actual de Concellos que solicitaron a adhesión. Nestes momentos contaríase con 177 solicitudes de adhesión, aínda que esta cantidade pódese ver modificada con algunha solicitude que non fora presentada seguindo o procedemento establecido e que poida estar sen rexistrar.

En canto a situación destes concellos en relación con PXOM teríamos a seguinte distribución:

- 70 Concellos co PXOM adaptado a Lei Ordenación Urbanística nos que as faixas dos núcleos poden incorporarse dun xeito automático.
- 22 Concellos que non teñen nada de planeamento.
- 85 Concellos en situación intermedia.

CONCELLOS ADHERIDOS				
Provincia	Total adhesións ata decembro 2018	Grupo A e B (Faixas facilmente definibles – PXOM dixitalizado correctamente)	Grupo C (Faixas definibles – PXOM dixitalizado deficientemente)	Sen grupo (sen PXOM)
A CORUÑA	47	22	23	2
LUGO	38	11	19	8
OURENSE	54	25	19	10
PONTEVEDRA	38	12	24	2
TOTAL	177	70	85	22

** No caso de Cercedo-Cotobade Cercedo está no grupo A e Cotobade no C (está incluído nos concellos do grupo C)*

Trasládase a FEGAMP en papel un modelo do primeiro grupo (Boborás) e outro dos que non teñen PXOM (Gondomar) para analizar conxuntamente a situación destes Concellos tipo. Nos planos faltarían por incluír as vivendas illadas que se executarían nunha segunda fase.

No caso do primeiro grupo trasládase a información do PXOM polo IET para xerar as faixas. No caso de concellos sen PXOM propónse delimitar as faixas segundo as distancias aos paramentos das vivendas. O criterio para delimitar as faixas é considerar núcleo cando haxa tres vivendas a menos de 20 metros unha de outra e tamén cando a superficie da planta sexa cando menos de 300 metros cadrados.

Informase de que o estado das dúas ferramentas necesarias para a xestión documental están bastante avanzadas

- 1.- O visor: Terá unha versión de traballo e unha versión pública na que estarán as faixas unha vez aprobadas. Tamén pode usarse o visor no proceso de exposición pública.
- 2.- A Aplicación para xestión: Para seguir avanzando na aplicación é necesaria a participación da FEGAMP que terá que facilitar as necesidades que terán os Concellos no procedemento de aprobación dos planes. Tamén terá que pronunciarse en relación coas necesidades que se van producir en canto a emisión de comunicacións.

Tómanse por unanimidade dos presentes os seguintes acordos:

- Tratar nunha próxima reunión a relación de parroquias prioritarias (unhas 60-75)
- Convocar reunións por provincias tanto para concellos adheridos como para non adheridos para explicarlles o procedemento de delimitación de faixas nos casos de PXOM actualizado e nos casos que non teñen PXOM (serían reunións independentes)

E sen máis asuntos que tratar, o Presidente da por finalizada a reunión da Comisión, sendo as 12.00 horas da data sinalada no encabezamento

Santiago, 8 de abril de 2019
A secretaria



Lucía González Louro

O presidente



Tomás Fernández-Couto Juanas